
O CARNAVAL DOS ANIMAIS

Texto de JOSÉ ANTONIO ABAD VARELA

Ilustracións de JOÃO VAZ DE CARVALHO

Música de CAMILLE SAINT-SAËNS

Encadernado en cartóné. 24,5 x 21,5 cm. 36 páx. Contén CD. 23 €

O carnaval dos animais (galego)

ISBN 978-84-8464-823-9. Música clásica.

El carnaval de los animales (castelán)

ISBN 978-84-8464-822-2. Música clásica.

O carnaval dos animais (portugués)


ISBN 978-989-749-006-4. Livros para sonhar.

Aquel era un día moi especial. Baixo un sol espléndido e un aire suave, ultimábanse os detalles para a celebración do aniversario do León, o rei dos animais. Moi de mañanciña, unha enorme bandada levava ata os lugares máis afastados, a invitación do León, na que convidaba a todos os animais a unha gran festa para celebrar o seu aniversario...

“O carnaval dos animais” é unha suite en 14 movementos composta en 1886 durante unhas vacacións de Saint-Saëns nun pobo austríaco. Trátase dunha composición humorística -a modo de collage musical de obras do propio autor e de antigas cancións francesas ou pezas tan coñecidas como o *Can-can*- pensada para interpretala nunha festa de carnaval, xa que os personaxes son animais diversos: leóns, tartarugas, elefantes, galiñas, canguros... Por desexo de Saint-Saëns, estreouse logo do seu pasamento e chegou a ser unha das súas obras máis exitosas.

José Antonio Abad creou un texto literario para acompañar a interpretación musical da prestixiosa orquestra Academy of London, que se vai intercalando en cada páxina. O relato recrea o ambiente de solemnidade da celebración e describe a chegada dos invitados, conformando unha postal de biodiversidade na que non faltan elementos fantásticos. As ilustracións de João Vaz de Carvalho complementan o espírito lúdico deste libro, con figuras caricaturescas.

Tras “As catro estacións”, este libro-cd é a continuación da serie *Música Clásica*, para achegar este xénero ao público infantil.



-
- **Temática:** relato lúdico protagonizado por animais, con música de Saint-Saëns.
 - **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
 - **Aspectos destacables:** libro-cd; do autor de “As catro estacións”; do ilustrador de “28 historias para rir” e “Na punta do pé”.
-

José Antonio Abad Varela

(A Coruña, 1940)

Psicólogo e pedagogo, especialista en proxectos educativos. Dirixiu o Departamento de Divulgación da Música na Orquestra Sinfónica de Galicia. Organizou o Programa Municipal ‘Descubrir a música’ do Concello da Coruña, os ‘Domingos con música’ do Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa, e concertos didácticos en varias cidades españolas.

João Vaz de Carvalho

(Fundão, Portugal, 1958)

Estudou pintura no taller de Vasco Berardo, en Coimbra, entre 1981 e 1984. Colaborou dende 1988 en revistas como Marie Claire, Cosmopolitan, Exame, Gentleman, Pais & Filhos e Diário de Notícias/Notícias Magazine. Ilustrador de álbums infantís e portadas de libros para editoriais como Caminho e Presença. A súa obra participou en varias exposicións. Foi galardoado na Bienal Internacional de Ilustración Infantil 2005, en Barreiro (Portugal). www.jvazcarvalho.com

Charles Camille Saint-Saëns

(París, 1835 – Argel, 1921)

Compositor, director de orquestra, organista e pianista. Participou na fundación da Société Nationale de Musique e considéraselle un dos renovadores da música francesa. Foi un intelectual adicado ao estudo científico, matemático e filosófico, a literatura e as viaxes. O seu legado musical abrangue máis de 400 composicións de diversos xéneros -entre eles o cine- e unha gran calidade de escritura. O seu arquivo está no Château-Musée de Dieppe, na Alta Normandía, onde se instalou en 1888.